



Blair: primeiro seguridade, despois dereitos

Descrición



O último é o sirio Omar Bakri Mohammed, predicador e xefe do grupo extremista Al Mouhadjiroun. Nestes días, Mohammed saíu do país rumbo ao Líbano. Hamza, Qutada e Mohammed semellan representar a idea de **Londonistán**, o centro de ensinanza e recrutamento de simpatizantes de Al Qaeda na capital británica. As súas orixes remóntanse aos anos oitenta e constituíu a principal canle de expansión do **islamismo** cara Europa, EEUU e Oriente Medio (Foto: Sheikh Omar Bakri Mohammed, en Beirut o 11 de agosto de 2005).

Tony Blair estudia a creación de **tribunais de excepción** con poder para determinar o período de detención de sospeitosos (de 14 días ata tres meses) sen antes ter sido imputados de cargo algún. A iniciativa forma parte do paquete de 12 medidas anunciadas polo goberno británico para endurecer a loita antiterrorista. Neste sentido, Blair explicou que as disposicións na Convención Europea de Dereitos Humanos obstaculizaban a súa lexislación antiterrorista.

A creación dos **tribunais de excepción** non semella ser nova en Gran Bretaña. En 1973, nos anos da maior violencia terrorista do IRA en Irlanda do Norte, xa se implementara este ordenamento **de facto**, coa finalidade de conter aos paramilitares, tanto católicos coma protestantes. Curiosamente, máis de 30 anos despois, e co IRA aparentemente en proceso de desarme, o goberno británico volve a estudar esta fórmula, a raíz dos atentados de xullo e as nova ameazas enviadas por Al Qaeda.

Estas medidas non foron ben recibidas polos partidos políticos británicos. Os liberais-demócratas, que alcanzaron grandes cotas parlamentarias nas eleccións de abril, opóñense ao paquete por considerar que existe unha **americanización** do gabinete Blair e por fomentarse un clima similar ao post-11/S en EEUU. Tanto na esquerda como na dereita política e na opinión pública, criticase a Blair por utilizar medidas populistas, coaccionado pola necesidade da sociedade británica de atopar solucións contundentes contra o terrorismo.

Nos derradeiros días, o fiscal xeral do Reino Unido, Peter Goldsmith, anunciou outra medida en estudo: acusar a tres predicadores radicais islámicos de **delictos de traizón**. Esta formalidade xurídica tampouco é nova: data dunha lexislación aprobada no ano 1351, en plena guerra dos Cen Días entre franceses e ingleses! A última vez que se aplicou foi en 1946, contra un acusado de colaboración cos nazis.

Os tres predicadores son o exipcio Mustafá Kamel Mustafá, mellor coñecido como Abu Hamza, no cárcere dende 2004 acusado de **instigación ao odio racial e o terrorismo**. Abu Hamza era imán na mesquita de Finsbury Park. Tras el está Abu Qutada, sinalado como **embaixador de Al Qaeda en Europa**, e acusado de instigar o atentado do 11/M en Madrid. Qutada está baixo arresto domiciliario.

O último é o sirio Omar Bakri Mohammed, predicador e xefe do grupo extremista Al Mouhadjiroun. Nestes días, Mohammed saíu do país rumbo ao Líbano. Hamza, Qutada e Mohammed semellan representar a idea de

Al Qaeda, o centro de ensinanza e recrutamento de simpatizantes de Al Qaeda na capital británica. As súas orixes remóntanse aos anos oitenta e constituiu a principal canle de expansión do islamismo radical cara Europa, EEUU e Oriente Medio.

Se as propostas de Blair son aprobadas no Parlamento, Gran Bretaña converteríase, despois de EEUU, no primeiro país en rematar unha lexislación antiterrorista tan completa como severa. O seu exemplo podería seguirse nos demais países europeos. O goberno de Silvio Berlusconi, tomando en conta que Italia é un aparente obxectivo para Al Qaeda, xa anunciou a intención de seguir o exemplo británico.

Caso similar podería presentarse en Francia e Alemaña se Nicolás Sarkozy e Ángela Merkel chegasen ao poder nas próximas eleccións, pois son abertos defensores da política de tolerancia cero. Nestes países, a inmigración musulmana é numerosa e aplicar unha lexislación deste tipo seguramente afectaría á necesaria integración social destas comunidades. A finais deste mes, o goberno francés espera rematar unha lexislación contra o terrorismo.

A Al Qaeda salafista lanzada por Al Qaeda en 1996 ten a Europa como centro de operacións. As células británicas e alemáns foron especialmente activas nos atentados do 11-S en EEUU e do 11-M en Madrid. A conexión paquistaní cos atentados de Londres do pasado 7-X ten complemento nas células alxerinas, marroquís e tunecinas, presentes en diversas comunidades en Francia e España. Se ben Al Qaeda como organización pode verse minguada polas medidas antiterroristas, Al Qaeda como a idea fortalécese e expándese.

A guerra de Iraq é o catalizador destas accións, aínda que Blair o negara incluso cando os servizos de intelixencia británicos vinculan a política británica no país árabe cos atentados de xullo. Pero tamén é certo que a presenza destas células e o sentido da súa guerra veñen condicionados por unha simboloxía vinculada a razóns históricas, culturais e relixiosas. Son Palestina, Afganistán e a dominación occidental en Oriente Medio, conectada coas elites locais.

Pero a lexislación de Blair pode enfrontarse con maiores problemas sociais, a pesar do aparente consenso da sociedade británica e da lexítima disposición governamental para aumentar a seguridade. A morte por erro do inmigrante brasileiro a mans da policía británica tralos errados atentados do 21-X é un exemplo de que o endurecemento non corrixe as deficiencias. Scotland Yard e os servizos policiais británicos están dispostos a continuar coa orde de disparar a matar a calquera sospeitoso. Neste sentido, non é esaxerado falar de americanización da xustiza británica.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa ARCHIVO

IDIOMA

Galego

Fecha de creación

agosto 18, 2005

Campos meta

Autoría : 3713

Datapublicacion : 2005-08-18 00:00:00